




NO TEMPO DE  
**Follas novas**

UNHA VIAXE POLA  
LITERATURA UNIVERSAL

M. Pilar García Negro, ed.

**alvarellos**  
EDITORA



**OESTE [divulgación & ensino]**

R. 291320

© ALVARELLOS EDITORA, 2015  
Sempre en Galiza, 4  
15706 Santiago de Compostela  
correo@alvarellos.info  
www.alvarellos.info



© textos: os seus autores

Imaxes da capa: Frances Harper, Oscar Wilde (foto de Napoléon Sarony, 1882), Rosalía de Castro (foto de María Cardarely, década de 1860. Fondo Familia Murguía de Castro. Real Academia Galega), Leopoldo Alas 'Clarín' e Harriet Beecher Stowe (ca. 1852).

Deseño e maquetación: Alvarellos Editora  
Impreso en Tórculo

Depósito Legal C 535-2015  
ISBN 978-84-89323-97-1

Todos os dereitos reservados. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

N O T E M P O D E  
**Follas novas**

UNHA VIAXE POLA  
LITERATURA UNIVERSAL

**María Pilar García Negro, ed.**

**alvarellos**  
EDITORA

**D'A tiranía rosa e branca. Unha novela  
de sociedade (1871)**

**HARRIET BEECHER STOWE**

Por Kathleen N. March

**H**arriet Beecher Stowe (1811, Litchfield, Connecticut–1896, Hartford, Connecticut). Stowe, escritora norteamericana, ten sonda pola novela abolicionista *Uncle Tom's Cabin* (*A cabana do tío Tomé*, 1852). Tamén esta literata, filla dun importante predicador protestante, é coñecida polas súas ideas moralizantes, conservadoras. Malia as opinións da crítica –e no caso de boa parte da súa novelística, a falta delas– Stowe propuña unha visión que non deixa de ser protofeminista. Nai de sete fillos, escribía por vocación e por necesidade económica. Varias das protagonistas dela eran coquetas e baleiras intelectualmente –riscos que as levaban a unha morte tristeira despois dunha vida escasa, egoísta e inútil–. Outras protagonistas, malia seren relixiosas ou conservadoras, tiñan unha curiosidade ‘incurábel’ polo mundo, polos estudos, polos libros, pola comunidade.

En 1869 publicaba, coa irmá e educadora Catherine Beecher, *The American Woman's Home*, ensaios sobre o fogar. O libro abranguíamos moitos temas, mais cómpre subliñarmos que as ideas eran moralmente progresistas. O rexeitamento da

muller que empregaba as súas cualidades 'femininas' para manter o poder tería realización na sátira social nas novelas de Stowe. E non esquezamos que para esta escritora tiñan os homes parte da culpa desta conduta condenábel. O matrimonio non era o 'ideal' da muller intelixente: "A condición da muller casada é, en moitos aspectos, igual á do escravo negro. Non pode asinar documentos nin ser dona de propiedades; o que herdar ou gañar convértese en posesión do seu home... Segundo o dereito inglés unha muller casada non é nada, nada. Deixa de existir, legalmente".

Pouco lida é unha obra como *The Pearl of Orr's Island: A Story of the Coast of Maine* (1862), a historia dunha rapariga que gosta dos libros e mora nunha pequena illa de Maine. Menos lida e case sen comentar pola crítica é *Pink and White Tyranny* (1871), novela na que Lillie (Mrs. John Seymour) resulta narcisista para todos agás para o home inxenuo que vive baixo a lembranza da figura da nai, que non ve máis alá da beleza e suposta fraqueza da súa dona, porque non quer ver a cobiza nos seres humanos. Lillie non é máis do que un esquelete moral de muller, sen cualidades que lle permitan participar de cheo na sociedade. Non ve máis aló do espello. O público lector non dubida en condenala, admirado da xenerosidade de John, a familia e os amigos del. Na opinión da autora, unha muller así non representa nada no mundo, non aporta nada, non ten porvir.

Stowe, no seu compromiso –vexámolo como relixioso ou non– cunha ética de igualdade, non admite a escravitude, nin por raza nin por sexo. É por iso que non aprobaba –malia ser considerada escritora sentimentalista– a figura romántica

dun escritor tan importante como Lord Byron. É máis: pouco antes da publicación de *Pink and White Tyranny*, en 1869, Stowe publicara unha vindicación da dona de Byron na que condena o comportamento do home afeito a ver o mundo como a súa casa (como o Flavio de Rosalía), home que procura só satisfacer as súas propias paixóns, mesmo as incestuosas. Como outras literatas do seu tempo, en América e alén mar, Harriet Beecher Stowe quixo desmitificar a figura deste xeito de heroi como home apaixonado, promovendo, aínda que fose con ironía e subtileza, a importancia e o dereito de seren as mulleres educadas, de saberen cousas e non seren obxectos 'killed into art' (cf. Gilbert e Gubar), é dicer, feitas para seren obxectos de contemplación, paralisados pola ollada masculina.

D'A TIRANÍA ROSA E BRANCA. UNHA NOVELA DE SOCIEDADE (1871)<sup>12</sup>

John puido comprender o pracer infantil de Lillie ante a nova casa, porque el quería e por ela soubo calar e afastar os seus propios desexos; mais, cando chegaron as facturas de tanta renovación, sentira calquera cousa que Lillie non foi capaz de sentir, en primeiro lugar porque ela nada entendía de cifras e tampouco quería saber delas; e, como todas as persoas que non entenden de cifras, a ela non lle importaban; e, en segundo lugar, porque ela a John non o amaba.

<sup>12</sup> Tradución de Kathleen N. March.

Agora ben, a verdade é que Lillie teríase abraiado de telo escoitado. Ela, xunto con outras moitas mulle- res, considera que aman o cónxuxe cando infelizmente non teñen a máis mínima idea do que é o amor. Deixe Vde. que llo explique, miña cara señora. Iso de querer ser admirada por un home, querer recibir os aloumi- ños del, querer ser afagada por el e querer ser louvada por el, non é querer un home. Todo isto se dá cando unha muller carece por completo da capacidade de amar –ou se cadra se dá simplemente porque ela é amante de si mesma e adora ser gabada, louvada, aloumiñada, acalentada–; o mesmo que un gato quer que o atendan e aloumiñen e procura ser alimentado con leite e ocupar un curruncho quente.

Mais nada disto constitui o amor. Pode darse, iso si, onde hai amor; polo xeral, é así. Mais tamén pode darse onde non houber amor. O amor, miñas señoras, é o autosacrificio, é a vida vivida fóra dunha mesma e por outra persoa. É defeito o preferirmos o confort, a comodidade, as arelas de outra persoa, polo amor que lle temos. O amor é xeneroso e non cobizoso. O amor non é unha folla de papel secante para absorbermos o que nos ofrecen os demais, non é esponxa, que todo o zuga e engole; é unha fonte que borbolla e dá, xe- nerosamente. O lema do amor chegou ao noso mun- do como pedra preciosa de grande valor, agasallo do Amante máis atractivo, máis garrido, máis puro, máis forte dos que algunha vez andaran nesta Terra nosa e de quen fica escrito que dixo El: “É máis abençoado dar que recibir”. Agora ben, en temas de amor, hai dez persoas que reciben por cada persoa que dá. Hai dez persoas neste mundo que adoran ser amadas e que aman o amor, e só unha persoa que sabe amar. Isto, miñas donas, é unha fazaña máis nobre que toda

a música francesa e os vermús. Poderán Vdes. perder o poder do amor se o afogan no comezo baixo o comodismo dunha idade tenra. Se se vive como todas Vdes. queren vivir –viver para seren louvadas, seren paraxismadas, seren admiradas, seren mingamonadas, faceren a súa vontade só e faceren só o que lles for doado e agradábel– poderían Vdes. perder a capacidade de vivir nobre e utilmente, para se converteren nunha simples folla de papel secante a súa vida enteira.

Observen que, na vida de casados destes dous, até aquí narrada, todos os privilexios, consentimentos, mudanzas, foron feitos por John, pola 'súa Lillie'.

El foi quen, cedéndolle a ela paseniño os seus ideais e tentando, seguindo a súa capacidade e natureza tan diferentes, axeitar as súas paixóns ás dela, e ela foi admitindo todo o que se lle daba, como o seu dereito natural<sup>13</sup>.

<sup>13</sup> Harriet Beecher Stowe, *A tiranía branca e rosa. Unha novela de sociedade*. (Boston: Roberts Brothers, 1871). *Pink and White Tyranny. A Society Novel*. Kindle Edition, 2012. ASIN BOO84BS1ZG. Harriet Beecher Stowe e Catherine Beecher, *The American Woman's Home: Or, Principles of Domestic Science*. (J.B. Ford, 1969; rep. Project Gutenberg, <http://www.gutenberg.org/ebooks/6598>). Gilbert, Sandra e Gubar, Susan. *The Madwoman in the Attic* ('A tola do faiado'). *The Woman Writer and the Nineteenth-Century Literary Imagination* (Yale University Press, 1979).